

PLAN DE APOIO
A ENTIDADES
DE ARRAIGO
2017

**PRAZO DE INSCRICIÓN
DO 26 DE XANEIRO
AO 15 DE FEBREIRO**

+INFO www.coruna.gal imcel@coruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA

coruna.gal



A cultura tradicional, así como outras expresións musicais asentadas na nosa cidade e habitualmente excluídas dos itinerarios de exhibición do contorno musical demandan da administración pública unha cobertura da súa actividade para seguir explorando na relación entre tradición, transmisión oral, participación social, historia e moitos outros conceptos necesarios para entender a evolución cultural e musical da nosa contorna.

O apoio a entidades culturais de carácter fundamentalmente musical e de longa traxectoria na nosa cidade fai que desde o Instituto Municipal Coruña Espectáculos (a partir de agora, IMCE) se estime como necesario definir políticas de soporte e sustento á súa actividade cotiá.

A cidade da Coruña conta cun nutrido número de entidades denominadas “de arraigo” que axudan activamente á dinamización da programación cultural da cidade e dan saída á necesidade de colectivos non profesionais de gozar da música como opción de ocio activo, formativo e de xeito continuado.

Co obxecto de atender ás necesidades das ditas “entidades con arraigo”, así como facilitar a organización e planificación cultural do IMCE, este publica a presente convocatoria de apoio á nosa cultura máis tradicional e enraizada.

A | OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

1. É obxecto do presente texto a convocatoria pública a “entidades con arraigo”, constituídas legalmente e radicadas na cidade da Coruña, para a súa promoción a través da súa actividade artística e escénica.
2. Entendemos como “entidades con arraigo” aquelas entidades musicais de carácter asociativo e sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade cultural na nosa cidade con estabilidade tendo un grao de implementación social representativo na mesma.

3. Non serán aceptadas entidades que realicen actividades que non se orienten á cidadanía en xeral. Ademais terán que ser realizadas en locais ou espazos accesibles e terán que ser obrigatoriamente difundidas (en calquera soporte dirixido á poboación en xeral) nalgunha das dúas linguas oficiais, preferentemente en galego. Do mesmo xeito, deberán garantir un uso non sexista da linguaxe e da imaxe.
4. As entidades deberán devolver á cidadanía o froito do seu traballo artístico (en forma de actuacións musicais) sendo consensuado este co IMCE, a través da súa programación cultural habitual.

B | ENTIDADES PARTICIPANTES

1. Serán incluídas nesta convocatoria entidades musicais con arraigo, que teñan o seu domicilio na cidade da Coruña, e que se encontren legalmente constituídas e rexistradas no REMAC (Rexistro Municipal de Asociacións da Coruña), na data de finalización do prazo de presentación de proxectos.
2. O ámbito de actuación das entidades participantes presentadas será o termo municipal da Coruña.

C | DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR A ASOCIACIÓN

A asociación deberá presentar a proposta no rexistro oficial do IMCE (Avda. da Mariña, 18), xunto con:

1. Estatutos polos que se rexe a asociación e NIF (fotocopia compulsada).
2. Certificación acreditativa dos cargos representativos e do domicilio social.

3. Fotocopia compulsada do NIF da persoa representante legal da entidade.

4. Memoria da entidade que conteña, cando menos, os seguintes apartados:

Traxectoria da entidade.

Actividades desenvolvidas pola entidade.

Persoas destinatarias da actividade da entidade.

Caché por actuación individual.

D | PROCEDEMENTO DA INCLUSIÓN DOS PROXECTOS NO PROGRAMA

1. A inclusión das entidades obxecto desta convocatoria efectuarase en réxime de concorrencia competitiva.

2. A decisión sobre as entidades para incluír no plan de apoio a entidades con arraigo realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios sinalados no apartado denominado “criterios de valoración”, e serán incluídas as entidades que obtivesen a puntuación mínima requirida sen pasar, en ningún caso, do importe da dotación orzamentaria fixada nas bases específicas da convocatoria.

3. Os proxectos presentados serán avaliados por unha mesa nomeada polo Concelleiro delegado de Culturas, Deportes e Coñecemento, e composta por:

Concelleiro de Culturas ou persoa en quen delegue (con voz pero sen voto)

Unha persoa funcionaria municipal vinculada á Área de Culturas que exercerá de secretaria.

3 representantes do tecido asociativo cultural da cidade.

E | PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS

1. O prazo de presentación dos proxectos ou actividades será do día 26 de xaneiro ao 15 de febreiro de 2017.
2. O lugar de presentación das propostas será o Rexistro do IMCE (Avda. da Mariña, 18. CP 15003, A Coruña).

F | PRAZO DE RESOLUCIÓN

O prazo de resolución das solicitudes será de dúas semanas a partir da finalización do período de presentación de ideas ou proxectos.

G | RECURSOS ECONÓMICOS

1. Os proxectos incluídos na presente convocatoria serán imputados ao crédito orzamentario da partida 334/227.99 do orzamento do exercicio 2017 do Instituto Municipal Coruña Espectáculo (IMCE). A dotación máxima para o programa será de 100.000 €.
2. A contía máxima para achegar por cada entidade será de 8.000 euros, impostos incluídos, que se aboarán sempre de xeito posterior a cada unha das actuacións realizadas e tras a presentación das correspondentes facturas.

H | CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración de cara a avaliar as entidades para incluír no plan de apoio a entidades con arrigo, serán os seguintes:

1. Valoración da entidade:

Vinculación ao contorno da música, baile e cultural tradicional galega _ **25 puntos.**

Número de persoas que conforman de xeito estable a entidade _ **15 puntos.**

Antigüidade no Rexistro Municipal de Asociacións (REMAC) _ **5 puntos.**

Traxectoria, continuidade e proxección social das súas actividades fóra do marco de actividade municipal _ **25 puntos.**

Actividades complementarias (formativas, culturais, pedagóxicas etc.) _ **20 puntos.**

Emprego da lingua galega no desenvolvemento da súa actividade _ **10 puntos.**

I | OBRIGAS DA ENTIDADE

1. Acreditar ante o IMCE a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a súa inclusión no Plan de apoio a entidades con arraigo.
2. Realizar toda a publicidade das actividades nas dúas linguas oficiais, preferentemente en galego.
3. Facer mención expresa da colaboración do IMCE en todos os soportes de comunicación empregados.